## GUÍA PARA CUBRIR A SOLICITUDE DA COTA RESERVA

Acceder á páxina web para realizar a solicitude: **www.edu.xunta.gal/axudasle**

1. Para solicitar a reserva de praza deberá seleccionar no menú ***2. Cota reserva***




2. Unha vez dentro, deberá introducir o DNI/NIF da persoa solicitante, así coma o código de solicitude correspondente á convocatoria 2022.

3. Unha vez dentro, mostrarase un despregable onde poderá modificar, se é necesario, os datos de contacto que indicou na solicitude da convocatoria 2022.

4. Cando seleccione a opción **CONFIRMAR,** recibirá un correo electrónico indicando que **iniciou o proceso de confirmación** da súa reserva de praza da convocatoria 2022.

5. O prazo para confirmar a súa reserva a través de **www.edu.xunta.gal/axudasle** remata o **13 de MARZO.**

6. Unha vez rematado o prazo, considerarase que as persoas que non confirmaron a reserva a través de **www.edu.xunta.gal/axudasle,** renuncian á súa reserva de praza.

7. Teña en conta que unha vez rematado o prazo de solicitudes (13 marzo), a Consellería de Educación enviaralle unha notificación a través do sistema Notifica.gal e vostede terá que **confirmar a lectura da notificación electrónica no prazo de 10 días naturais.** Se non recibe dita notificación antes do 20 de marzo deberá comunicalo na seguinte dirección de correo axudasle@edu.xunta.gal

8. **A non confirmación de lectura** da notificación electrónica no prazo de 10 días, realizada a través de Notifica.gal, **entenderase como renuncia da axuda.**

9. Serán rexeitadas as solicitudes presentadas mediante o procedemento de cota xeral, en caso de ter rematado con anterioridade o proceso de confirmación de reserva de praza da convocatoria 2022.

10. Unha vez publicada a listaxe de adxudicacións definitivas, deberá presentar nun prazo de **5 días naturais,** a seguinte documentación:

☐ Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo III.
☐ Xustificante bancario do pagamento da achega familiar á empresa adxudicataria.
☐ Copia do pasaporte (necesario para viaxar a Reino Unido e Canadá)
☐ Visado en vigor (necesario para o alumnado con nacionalidade non española que viaxe a Canadá)
☐ Copia da documentación relacionada coa COVID-19

Esta documentación remitirase por **correo electrónico** a **axudasle@edu.xunta.gal** con copia á empresa responsable das actividades. Ademais, deberase remitir dita documentación á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da sede electrónica, dun rexistro oficial ou mediante correo ordinario.